

ACTA PARA A SELECCIÓN DO DOCENTE DO MÓDULO DE ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA - DO OBRADOIRO DE EMPREGO “LABORU IV” (CONCELLOS DA RÚA, O BOLO E LAROUCO), PREVISTO NOS ARTIGOS 11 E 12 DA ORDE DO 21 DE ABRIL DE 2023, DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCIONS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2023 (TR353A).

O día 27 de agosto de 2024, ás 12,00 horas reúnense nas dependencias do Concello da Rúa as persoas designadas polos concellos participantes no obradoiro (A Rúa, O Bolo e Larouco) para realizar o proceso de selección do persoal docente do módulo de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería pola renuncia (baixa voluntaria) da docente que viña impartindo o módulo indicado, dona Maria Eugenia Medina González, con data efectos da baixa o 18 de agosto de 2024.

Decídese por unanimidade tratar o seguinte asunto: iniciar o proceso de selección necesario para a substitución da persoa que abandonou o obradoiro.

Unha vez analizados e debatidos os documentos de xeito oportuno, tomáronse por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1.- Aprobar as Bases para a selección do docente de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería que permanecerán expostas nos taboleiros da oficina de emprego que xestionara a oferta, entidade promotora e concellos asociados e na páxina web da entidade promotora e concellos asociados durante todo o proceso de selección.

2.- Iniciar a selección de persoal docente do módulo de actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería coa presentación da oferta de emprego na oficina de emprego do Barco de Valdeorras, para a súa xestión cos requisitos e seguindo o proceso determinado nas bases aprobadas.

De conformidade coas Bases o proceso terá as seguintes fases:

. Valoración do currículo/ Valoración méritos.

A oficina de emprego de xestión da oferta citará ás persoas candidatas outorgándolle un prazo máximo para presentar a documentación a valorar indicada nas bases aprobadas.

A presentación da documentación poderá facerse na sede electrónica de calquera dos concellos participantes no proxecto (A Rúa, O Bolo e Larouco) ou presencialmente. (No caso de facerse presencialmente deberá solicitarse cita previa no concello onde se pretenda presentar a documentación).



Na carta de convocatoria debe constar que as persoas candidatas teñen que presentarse co seu currículo asinado e debidamente documentado, a súa vida laboral actualizada e un documento asinado onde se enumere a documentación que se achega e se autorice o órgano de contratación a publicar os seus datos (nome e apelidos, DNI) nas actas, listaxes ou calquera outro documento que resulte do proceso.

Realizada a valoración dos currículos, o órgano de selección publicará nos taboleiros de anuncios da entidade promotora, concellos asociados, oficina de emprego e páxina web da entidade promotora, a listaxe de admitidos coa puntuación provisional do currículo, e de excluídos, de ser o caso, e fixará un prazo de tres (3) días naturais dende a data de publicación para reclamacións.

Concluído o prazo de reclamacións, se as houbera, o órgano de selección procederá ao seu estudo e resolución, que serán publicadas na acta correspondente á listaxe definitiva.

Unha vez elaborada a proposta do persoal docente a contratar remitirase a Xefatura Territorial de Ourense que deberá verificar que cumpren con todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún do persoal docente proposto non cumprira ditos requisitos será substituído pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva.

A listaxe definitiva terá carácter de proposta de contratación.

Será de aplicación o indicado na orde do 21 de abril de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se regulan as subvencións para obradoiros duais de emprego e se procede a convocatoria para o ano 2023 e na circular de 14/06/2023 da Dirección Xeral de Formación e Colocación relativa as instrucións en relación co procedemento de selección.

Non tendo outro asunto para tratar a Presidenta da por concluída a sesión sendo as 12,30 horas do día da data, asinando os seus membros en conformidade.

Olivia García Rodríguez
Presidenta

Pilar López Álvarez
Vogal

José Manuel Casado López
Vogal

